

Sanidos

3

A longa noite de pedra de Lagartiño

Manel Cráneo





A LONGA NOITE DE PEDRA DE LAGARTIÑO

Atrévete a debuxarlle diferentes expresións a Lagartiño? Podes inventalas e tamén copiar as que vexas nas viñetas desta publicación. Algúns exemplos: alegre, pensativo, dubidoso, botando unha gargallada, despistado...



ORGULLOSO



LEDO



ABRAIADO




TRISTE




PESCUADOR



DURMIDO



PENSATIVO



DUBIDOSO



ANOXADO

NA CANTEIRA SEMPRE
HAI TRABALLO ABONDO.







QUE SEDE ME ENTROU!




HOXE CARREXEI MOITAS PEDRAS. IREI AO MANANCIAL QUE HAI FÓRA DA CANTEIRA. UN GROLIÑO DE AUGA MINERAL DA BOA, E A DESCANSAR!



GLUB!
GLUB!



O SONO NON TARDA EN CHEGAR.



À MAÑÁ SEGUINTE, ALGO CAMBIOU...

O PETRÓGLIFO PARECE ACABADO DE FACER. HAI RESTOS DE CANTARÍA NO CHAN. É BEN RARO.

VOLANTES!
ONDE FOI
O MUSGO?



A ESTAS HORAS DEBERÍAN DE ESTAR OS COMPAÑEROS PASANDO CARA À CANTEIRA.



PERO NON SE ESCOITA UN MOTOR!
SANTAS BUXÍAS! E DESAPARECEU A ESTRADA.



POR TODAS AS PEDRAS DO MUNDO! NON PODO CRELO!

A CIDADE TAMÉN DESAPARECEU!
VOU ATA A CANTEIRA.

NADA ENCAIXA.
DESCUBRIREI QUE DEMOS
PASA AQUÍ.




TEÑO O MOTOR A CEN
CON TANTO MISTERIO,
E PARADO NON
SOLUCIONAREI
ISTO.



TODO
ESTÁ CAMBIADO
E FALTA CALQUERA
SINAL DE CIVILIZACIÓN.
PESCUDAREI ESTE
ENIGMA. A RODAR!





QUE TERREO
MÁIS ABRUPTO. NON
HAI ESTRADAS.

NIN UNHA
TRISTE
CORREDOIRA.



AQUÍ TERÍA
QUE ESTAR A
CANTEIRA, PERO
NIN RASTRO.
ESTAREI
SOÑANDO?




EI,
PAXARIÑO,
VICHES
ALGÚN
DÚMPER?

ESTOU
BUSCANDO
A CANTEIRA
DE PENA-
VELLA.







PIUK,
PIUK,
PIUK.

VOLANTES!
PERO EN QUE
LINGUA PÍA
ESE? SOA
ANCESTRAL.











URK, URK!
DEVOLVER
MACHA,
URK!

MAMUT
AMARELO
MORRER,
URK!



CLANK!



URK, URK,
MAMUT
AMARELO
MORRER,
URK!

POMPOMPOM




BLAM!




URK, URK,
MAMUT
AMARELO
BESTA
APESTA,
URK!

XA
ENTENDO,
O MACHADO
ERA TEU.



URK, URK,
EU FACER
MACHA, URK,
TI ROUBAR,
URK! PEDRA
BOA, URK.







GRANITO
BENDITO!
QUE XEITO DE
CONSTRUIR
É ESTE?
É ABRAIANTE!
É REAL
OU ESTOU
SOÑANDO?
ISTO PARECE A
PREHISTORIA!



HOXE ENTERRO
DA NAI DA NAI, URK.
MAMUT COMA TI
MATAR, URK!
NAI DA NAI, URK.





UN MAMUT
MATOU
A TUA
AVOAZ?

SI, URK, MAMUT
ESMAGAR! AVOA
CHAU CHAU. MAMUT
COMA TI MATAR,
URK!



VAIA, SÍNTOO MOITO,
PERO EU NON SON UN
MAMUT, URKIÑA. SON
UN DÚMPER ARTICULADO
PREPARADO PARA
AXUDAR O PERSOAL
DA CANTEIRA. NON LLE
FAGO DANO A NINGUÉN.
AO CONTRARIO,
TRABALLO PARA
O PROGRESO
DA SOCIEDADE.




URK, MAMUT AMARELO, DÚMPER
BO? URK, URK, CANTO DE
DÚMPER BO?

VOUCHE
DEMOSTRAR
CANTO DE BO.



QUEN ME ÍA DICIR QUE TRABALLARÍA
CONSTRUÍNDO O PRIMEIRO CEMITERIO
DA HISTORIA. VAS VER O RÁPIDO QUE
FACEMOS ESE DOLMEN. PODO CARGAR
ATA 25 TONELADAS!

DESPOIS DO RITUAL FUNERARIO...



GRAZAS,
MAMUT AMARELO
DÚMPER BO,
URK!

URKIÑA, O DE ANTES NON FOI
NADA. SE CHE CONTASE O
QUE SE LEVA CONSTRUÍDO
NO LUGAR DE ONDE EU
VEÑO QUEDARÍAS
ASOMBRADA!



ONDE EU VIVO TAMÉN
TEMOS FOGARES
DE PEDRA. TRATÁMOLA
NA CANTEIRA.

DESPOIS
DE EXTRAELA,
SEPARÁMOLA EN
DISTINTOS TAMAÑOS,
DEPENDENDO DO
USO QUE VAIA
TER.





CONSTRUÍMOS EDIFICIOS PÚBLICOS, VIVENDAS PARA AS PERSOAS, MONUMENTOS QUE DECORAN AS CIDADES. TODO COS ÁRIDOS!



URK, URK!
MAMUT AMARELO
SABER MOITO,
URK! EU APRENDER
DE MAMUT AMARELO
DÚMPER BO,
URK.



TAMÉN INFRAESTRUTURAS INCRIBLES
COMO MUSEOS ONDE RECOLLER AS
CREACIÓNS ARTÍSTICAS E CIENTÍFICAS DA
HUMANIDADE, COMPLEXOS DEPORTIVOS,
HOSPITAIS PARA OS ENFERMOS E
UNHA MOREA DE COUSAS
MÁIS.



IMAXÍNATE,
NAS VÍAS ROMANAS
A XENTE MOVÍASE EN
CARROS, E AGORA
TEMOS ATA VÍAS DE
TREN FEITAS
CO BALASTRO QUE
AS SOPORTA. SE O
VES, QUEDAS
PAMPA!



URK! QUERER
EVOLUCIONAR,
URK, URK!





NO LUGAR DE ONDE VEÑO,
OS ÁRIDOS SON ÚTILES DESDE
HAI MILES DE ANOS. HOUBO
CIVILIZACIÓNS COMO A ROMANA
QUE REVOLUCIONARON O
MUNDO COA CONSTRUCIÓN
DE VÍAS PARA FAVORECER
A COMUNICACIÓN.

TAMÉN
ACUEDUTOS,
FAROS, MURALLAS... A
ARQUEOLOXÍA ESTUDA AS
ORIXES DA HUMANIDADE E
DINOS QUE A PEDRA É A
MATERIA PRIMA PRINCIPAL
COA QUE O SER HUMANO
EVOLUCIONOU.







E MOITO
MÁIS:
OS ÁRIDOS
SON A BASE.

NA ACTUALIDADE
TEMOS ESTRADAS E
AUTOVÍAS FEITAS CON
AREAS E GRAVAS DE
ASFALTO POLAS QUE
CIRCULAN CARROS
QUE VAN SEN VACA
NIN BOI. ALLUCINANTE!

AEROPORTOS CON
PISTAS DE FORMIGÓN
PARA ATERRAR COS
AVIÓNS, QUE SON
MÁQUINAS VOADORAS.
PONTES PARA CRUZAR
OS RÍOS, PRESAS
E PANTANOS PARA
CONTROLAR E RETER A
AUGA. IMPRESIONA!



URK, URK!
GUSTAR O QUE
TI CONTAR, URK!
PEDRA BOA,
URK.







PERO SE ESTE É O MANANCIAL ONDE COMEZOU TODO!



AGUAMBA
BULUBA
BALÁN
BAM BU!



RITUAL, BEBER,
AUGA MINERAL,
MAXIA, URK!




ESTES
PREHISTÓRICOS
ALUCINAN
UN POUCO.

PERO
SEGUIREILLES
A CORRENTE.



PORQUE ISTO É AUGA
CORRENTE, HE, HE!
ARREA, QUE SONO
TEÑO.

MAMUT
DÛMPER
VIAXAR,
URK!





ONDE IR,
FILLA?
URK. NON
ENTENDER,
URK!

MIN NON
ENTENDER,
URK, PERO MOITO
ALUCINAR, URK!


COVA VELLA,
EVOLUCIONAR, URK, URK!
CREAR! PROGRESAR CON
RODA DE PEDRA, URK.
COMA DÚMPER BO.
CON PEDRA BOA
CONSTRUÍR ALDEA!
URK, URK!

QUEN SABE!
QUIZAIS A VIAXE AO
PASADO DE LAGARTIÑO
FOI O QUE PROVOCOU
QUE A HUMANIDADE
EVOLUCIONASE. NUNCA
O SABEREMOS.



O QUE É BEN CERTO É QUE TODO COMEZOU NUNHA
CAVERNA DE PEDRA, E QUE, DESDE AS ORIXES DOS
TEMPOS, OS ÁRIDOS ESTIVERON SEMPRE AO NOSO
CARÓN PARA AXUDARNOS A VIVIR E PROGRESAR.

Dálles cor a Lagartiño e a Urkiña. Podes engadir na ilustración o fondo que máis che guste: a cidade, unha paisaxe montañosa, un dolmen ou calquera elemento que axude a completar a escena.





O dúmper máis famoso da canteira de Penavella, Lagartiño, remata, unha xornada máis, esgotado de facer o traballo que máis lle gusta: carrexar pedra.

Ao saír da canteira diríxese ao manancial que hai a carón do petróglifo da vila para botar un golo, pero axiña queda durmido, e cando esperta descobre que o mundo cambiou.

Algo non encaixa. Conseguirá o noso amigo desvelar o misterio?